

CONCELLO DE VIGO
MARATÓN FOTOGRÁFICO
XXIII



**BA-
SES**

Diseñado por *Agüero*

29 SE-
30 TEM-
DE BRO

PREMIOS
PRIMERO PREMIO 1.000 EUROS
SEGUNDO PREMIO 500 EUROS
TERCER PREMIO 200 EUROS

ORGANIZA



AGRUPACIÓN
FOTOGRAFICA
GALEGA

COLABORADOR PRINCIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Viveiros rurais cidade América

COLABORAN

MARCO

Sfar



verde



Dr. Susana Santalón

GADIS

INSCRICIÓN

Poderán participar todas aquelas persoas maiores de catorce anos que formalicen a súa inscrición o día do maratón na Cafetería Sifón, na rúa do Doutor Cadaval 5, (na praza do Colexio oficial de Arquitectos de Galicia) entre as 12:00 e 12:45 h do sábado 29 de setembro. Tamén se poderá facer unha preinscrición online cubrindo o formulario disposto na páxina web: www.agrupacionfotograficagalega.com

Esta inscrición deberá formalizarse co pagamento da cota, no horario anteriormente mencionado, o día do maratón. Os/as participantes deberán aboar a cantidade de 10 euros, en concepto de inscrición.

CATEGORÍAS

Poderase participar en categoría analóxica ou dixital. Só se poderá participar nunha delas.

Os/as participantes da categoría dixital deberán entregar as súas fotos en formato de arquivo JPEG, modo de cor RGB, e a unha resolución suficiente para amplialas a 20x30cm como mínimo. Aconsellamos que traballedes á máxima calidade das vosas cámaras fotográficas.

Os/as participantes na categoría analóxica recibirán un carrete de fotos, e os da categoría dixital, un CD, que deberán entregar ao final do concurso.

PREMIOS

Os premios para os/as gañadores/as serán os seguintes:

Primeiro premio..... 1.000 euros

Segundo premio..... 500 euros

Terceiro premio..... 300 euros

Estes premios concederánselle á serie fotográfica.

O xurado poderá establecer algún outro premio especial se así o estimase pertinente. Aos premios aplicaráselles a retención fiscal vixente.

SAÍDA

As 13:00 h do sábado 29 de setembro, darase a saída ao Maratón e informarase aos/ás participantes dos temas deste concurso.

TEMAS E CONTROIS

Os/as participantes deberán fotografar catro temas que serán facilitados pola organización en cadanseu control. As fotografías poderán ser tomadas tanto no exterior como no interior. Igualmente, poderase facer uso do material técnico de calquera tipo, así como o retoque fotográfico que o participante considere necesario. As fotografías entregadas deberán ter coherencia coas temáticas propostas e cumprir cos criterios de avaliación citados en dito apartado. No caso de tomar as fotografías fóra do límite do Concello de Vigo, as imaxes terán que ter como obxecto de fondo o Concello de Vigo.

ENTREGA DAS FOTOS

Os/as participantes deberán entregar as fotos, na sede da AFG sita na rúa Uruguay 17 entrecrán D entre as 13:00 e as 14:00 h do domingo 30 de setembro.

Os/as participantes da categoría dixital deberán entregar á organización o CD no que incluírán as catro fotos que representen cada un dos temas propostos. Se algún participante non puidese facer a gravación do CD, a organización disporá dun ordenador con lector de tarxetas para realizar a descarga das fotografías no control de entrega. No entanto, pregamos a todos os participantes que preferiblemente entreguen as súas fotos no CD para facer o proceso máis sinxelo.

Os/as participantes da categoría analóxica deberán entregar á organización o carrete entregado pola organización na saída do concurso.

XURADO

O xurado de cualificación, que tras unha primeira selección

valorará as fotos preseleccionadas, estará composto polos seguintes membros:

PRESIDENTE: o concelleiro delegado da Área de Cultura ou persoa en quen delegue.

VOCAIS: un mínimo de catro persoas de recoñecido prestixio, relacionadas co mundo da fotografía, imaxe, artes ou medios de comunicación...

SECRETARIO: un membro da Agrupación Fotográfica Galega, con voz e sen voto.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O xurado pode avaliar as fotografías presentadas nas seguintes consideracións, aínda que non necesariamente por esta orde:

- Coherencia coa temática proposta.
- Coherencia da serie fotográfica.
- Orixinalidade da fotografía.
- Calidade técnica: nitidez, contraste, cor ...
- Calidade artística: definición, tema, cadro.

MÉTODOS DE VOTACIÓN

Os traballos gañadores serán seleccionados de maneira anónima atendendo ao indicado no apartado "criterios de avaliación" destas bases.

O xurado poderá rexeitar calquera das fotografías que non se axuste ao indicado nestas bases.

EXPOSICIÓN

Coas fotografías seleccionadas realizarase unha exposición no Museo MARCO. A data está por determinar. O veredicto do xurado terá lugar o día da inauguración desta exposición e será inapelable.

DEREITOS DE PROPIEDAD

Os participantes deben ser os autores de cada unha das fotografías presentadas. Os gañadores e os mencionados cédenlle gratuitamente e de forma NON EXCLUSIVA á Agrupación Fotográfica Galega os dereitos de difusión das imaxes presentadas.

Se calquera das fotografías é utilizada cos obxectivos enunciados arriba, indícarase expresamente o nome do autor.

Porén, os autores das imaxes seguen sendo os titulares dos dereitos de explotación das mesmas para calquera uso posterior.

NORMAS DO MARATÓN

A organización non se fai responsable do deterioro ou extravío que puidesen sufrir os carretes, copias ou os arquivos dixitais.

Durante o transcurso do maratón existirá un Comité de Control, formado por tres persoas da organización, que estará facultado para resolver as controversias ou circunstancias especiais que puidesen xurdir, así como para interpretar as presentes bases. A súa decisión terá carácter definitivo.

Coa inscrición, os competidores autorizan o envío de información por correo electrónico sobre esta competición e de promoción de edicións posteriores en calquera dos concursos organizados pola Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

O feito da presentación a esta edición do "MARATÓN FOTOGRÁFICO CONCELLO DE VIGO" implica a total aceptación destas normas.

A organización resérvase o dereito de interpretación das bases, co único obxectivo de favorecer o desenvolvemento do concurso. Calquera decisión sobre cuestións interpretativas relacionadas coas bases seralle comunicada a todos os/as participantes no enderezo de correo electrónico indicado no proceso de rexistro.